

RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA, POLA QUE SE DESIGNAN OS MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PARA O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO NO CURSO DE “DIPLOMADO EN SAÚDE PÚBLICA”

De conformidade co establecido na normativa reguladora do proceso de selección do alumnado, de Resolución do 29 de Xullo do 2025, resulta necesario proceder á designación das persoas que integrarán a Comisión de Selección, órgano encargado da valoración das solicitudes presentadas e da resolución do procedemento de admisión, polo que

RESOLVO

Primeiro. Designar como membros da Comisión de Selección ás seguintes persoas:

- Dña. Montserrat García Sixto, coma Xefa do Servizo de Xestión do Coñecemento e Innovación en Saúde Pública.
- D. Jorge Luis Ínsua Lado, como Xefe do Servizo de Innovación Formativa da ACIS.
- Dña. Elvira Íñiguez Pichel, coma programada docente do curso.
- D. Rafael Riveiro Traba, como membro do Servizo de Xestión do Coñecemento e Innovación en Saúde Pública encargado da organización e desenvolvemento do curso.
- D. Mario Mosquera Vereá, Director da Área de Xestión do Coñecemento e Talento, como profesional da ACIS encargado/a da organización e desenvolvemento do curso, que actuará como secretario, con voz e voto.

Segundo. Cada membro titular contará cunha/un suplente designado/a igualmente para garantir o axeitado funcionamento da Comisión.

Terceiro. A Comisión de Selección terá como funcións a revisión das solicitudes, a aplicación dos criterios de admisión e a elevación da proposta de resolución final, garantindo os principios de obxectividade, igualdade, mérito e capacidade.

Cuarto. A presente resolución publicarase na páxina web das entidades organizadoras, para os efectos de publicidade e transparencia.

Santiago de Compostela, 03 de Outubro de 2025

Dña. Carmen Durán Parrondo
Directora xeral de Saúde Pública